


1. Completa coa palabra axeitada:

- a) A _____ é o conxunto de toda a auga que contén a Terra.
- b) Si a superficie do planeta estivese dividida en 4 partes, _____ partes serían de auga e _____ de terra.
- c) Ascensos e descensos do nivel de auga dos océanos e mares: _____.
- d) Masas de auga doce rodeadas de terra: _____.
- e) Movemento da auga dos océanos: _____.
- f) Os _____ son masas de auga salgadas máis pequenas que os _____ (que separan continentes)
- g) Ondulacións que se forman na superficie do mar por causa do vento: _____.
- h) O _____ é o mar máis salgado do mundo.
- i) Augas subterráneas acumuladas baixo o chan: _____.

2. Selecciona as respostas correctas:

A maior parte da auga doce do planeta áchase en forma de xeo.
As correntes mariñas frías van ata as zonas ecuatoriais dende as zonas polares.
A maior parte da auga doce do planeta (en estado líquido) atópase nos lagos e ríos.
De cada 100 partes da auga do planeta, tan só 2.5 son de auga doce. Desas 2.5 partes hai unha parte moi pequena que é de auga potable.
Todos os océanos conteñen a mesma cantidade de sal.
No Océano Atlántico as mareas son máis visibles que no Mar Mediterráneo.
A auga das nubes e a humidade atmosférica forman parte da hidrosfera.
As correntes mariñas inflúen no clima, quentan as zonas frías do planeta e arrefrían as zonas cálidas.
Ao día, hai aproximadamente dúas mareas altas e dúas mareas baixas.

3. Selecciona a resposta axeitada:




4. Nomea os diferentes tramos dun río:




Como se chaman estas curvas do río que son características deste tramo?

5. Nomea os seguintes ríos e afluentes de Galicia:



6. Nomea os seguintes ríos de España:



7. Completa coa palabra axeitada:

- a) Cantidade de auga que leva un río: _____.
- b) O río _____ é o máis longo e caudaloso de Galicia.
- c) O _____ é o terreo polo que flúe un río.
- d) Río que desemboca noutro río: _____.
- e) Un _____ construción realizada mediante unha presa que retén as augas dun río. Serve para producir _____ e tamén como reserva de auga para o consumo de pobos e cidades ou a agricultura.
- f) Os _____ son ondas xigantescas producidas.
- g) Curso do río no que a auga discorre máis rápido: _____.
- h) Distancia entre o nacemento dun río e a desembocadura: _____.
- i) Nomea as tres vertentes de España: _____, _____ e _____.
- j) O río Miño pertence á vertente _____ e o río Guadalquivir á _____.
- k) O río Texo pertence á vertente _____.
- l) Vertedura de petróleo ao mar: _____.